



Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Fundación Antonio Fraguas Fraguas, para difusión, estudo e preservación da obra de Antonio Fraguas Fraguas

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Política Lingüística formalizará coa Fundación Antonio Fraguas Fraguas o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Fundación Antonio Fraguas Fraguas para colaborar nos labores de divulgación, estudo e preservación da súa obra. As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a promover a obra e a figura humana de Antonio Fraguas Fraguas, así como para darlle continuidade ao labor realizado por el nos distintos eidos da vida literaria, social e cultural galegas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como lingua cooficial do idioma galego, polo que deberá adoptar as medidas oportunas para o seu fomento e estimular as manifestacións culturais feitas en galego.

As partes asinantes deste convenio manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para





estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades considera esencial apoiar iniciativas que respondan a obxectivos de interese social e que contribúan a sensibilizar e promover unha actitude positiva cara á lingua galega especialmente no ámbito en que desenvolve a súa actividade a Fundación Antonio Fraguas Fraguas que ten entre outras finalidades, a defensa, conservación, promoción e divulgación do legado material e intelectual, de Antonio Fraguas Fraguas, catedrático de Instituto, culto e activo escritor que publicou ao longo da súa vida máis de 350 traballos destinados e orientados ao coñecemento, difusión e desenvolvemento dos trazos e contidos da cultura galega.

Que pola singularidade do seu obxecto, que persegue unicamente obxectivos de utilidade pública, polas características das actividades que se desenvolven ao abeiro do convenio e por ser a citada entidade a única destas características en Galicia, non resulta posible promover a concorrência pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase telematicamente esta memoria, en Santiago de Compostela.

